

006332 09.07.2014 11:43

A Lei 33/2011, do 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública, establece na súa *Disposición Adicional sétima. Regulación da psicoloxía no ámbito sanitario* a profesión de Psicólogo Xeral Sanitario como profesión sanitaria titulada e regulada. A este respecto, sinala que os licenciados e graduados en Psicoloxía, para o desenvolvemento da súa actividade profesional por conta propia ou allea no sector sanitario, deberán ter, ademais, o título de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria.

Por outra parte, o RD 1393/2007 do 29 de outubro, de ordenación das *ensinanzas universitarias oficiais*, modificado polo RD 861/2011, de 2 de xullo, establece no **artigo 15.4** que o Goberno deberá establecer as condicións que deberán reunir os planos de estudo dos títulos que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España e que, de ser o caso, deberán axustarse tamén á normativa europea.

En virtude desta normativa dítase a *Resolución do 3 de xuño de 2013 da Secretaría Xeral de Universidades mediante a que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 31 de maio de 2013 polo que se establecen as condicións ás que deberán adecuarse os planos de estudo conducentes á obtención do título oficial de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria que habilite para o exercicio da profesión sanitaria titulada e regulada de Psicólogo Xeral Sanitario*, que foi completada coa Orde ECD/1070/2013 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de 12 de xullo, pola que se establecen os requisitos para a verificación deste título.

Entre outros requisitos, esta Orde establece as condicións de acceso ao Máster de Psicoloxía Xeral Sanitaria, determinando que **constitúe requisito necesario para o acceso** á posesión do título de Licenciado/Graduado en Psicoloxía, xunto, no seu caso, cunha formación complementaria que asegure que o interesado/a obtivo, polo menos, 90 créditos ECTS de carácter especificamente sanitario.

Co obxecto de poder determinar que os admitidos para cursar o Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria, ademais dos títulos que os habilitan para o acceso (Licenciados / Graduados) teñen a formación dos 90 ECTS de carácter especificamente sanitario dítase a seguinte

#### Resolución,

**Primero.-** Os estudantes que soliciten o acceso ao Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria deberán acreditar, con carácter previo, que xunto coa posesión do título de Licenciado/Graduado en Psicoloxía, **posúen 90 ECTS de formación especificamente sanitaria**. Corresponde á Comisión Académica do Máster informar sobre a validez e suficiencia desta formación.

**Segundo.-** Considérase formación sanitaria a correspondente ás materias vinculadas ás áreas de coñecemento de *Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos e Psicobioloxía da Licenciatura e dos grados en Psicoloxía*, incluídos, de ser o caso, o *Practicum* e o *Traballo Fin de Grao*.

**Terceiro.-** Os estudantes Licenciados pola Universidade de Santiago de Compostela consonte ao plano de estudos de Licenciado en Psicoloxía aprobado por Resolución Reitoral do 20 de setembro de 2001, ou anteriores, ou graduados en Psicoloxía pola USC de acordo co plano de estudos verificado mediante resolución do 14 de maio de 2009 pola Comisión de Verificación e Acreditación de planos de estudos do Consello de Universidades (ver Anexo), **que teñan superados 90 créditos das materias que figuran no ANEXO para cada plano de estudos considerase que reúnen os requisitos de formación especificamente sanitaria** que establece a normativa para poder acceder ao Máster. Tamén poderán considerarse formación complementaria as materias doutros títulos universitarios oficiais de Ciencias da Saúde, que a xuízo da Comisión Académica completen a formación requirida. No caso de que as materias sexan de máster non poderán valorarse aquelas que sexan equivalentes ou poidan ser recoñecidas polas que integran o plano de estudos do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.

**Cuarto.- Complementos formativos:** Cando os estudantes que pretendan acceder ao máster non posúan os 90 ECTS de carácter especificamente sanitario, deberán realizar complementos formativos que se correspondan con contidos e competencias propias dos estudos do Grao en Psicoloxía **para poder ter o citado acceso ao máster.** Estes complementos poderán obterse cursando asignaturas do Grao en Psicoloxía pola USC que estean vinculadas ás áreas de coñecemento de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxicos e de Psicobioloxía ou aquelas outras materias que permiten obter esta formación segundo determine a Comisión Académica do Máster.


**Disposición Adicional primeira.-** As materias de anteriores planos de estudos figuran no ANEXO coa equivalencia en créditos ECTS. Esta equivalencia foi realizada tendo en conta as resolucións de equivalencia a créditos para o recoñecemento de créditos de libre elección así como as resolucións de adaptación dos planos de estudos da Licenciatura en Psicoloxía.

**Disposición Adicional segunda.-** *Alumnos da USC que pretendan realizar o máster noutras universidades:* estes alumnos poderán solicitar na Unidade de Xestión Académica as certificacións académicas que determinen que xunto coa titulación requirida teñen superados 90 créditos de carácter especificamente sanitario. Esta certificación devengará os prezos públicos establecidos aos efectos no Decreto da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria que sexa de aplicación.

**Disposición Adicional terceira.-** *Alumnos que cursaron estudos de Licenciado ou Graduado na USC e pretender realizar o máster na USC:* Neste caso o alumnado non precisará solicitar a certificación académica en tanto que o expediente do alumnado xa consta na USC.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2014

O Reitor,



Juan M. Víaño Rey

Sra. Coordinadora do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria; Sra. Secretaría Xeral; Sr. Vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa; Sr. Secretario Xeral Adxunto; Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica; Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica; Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur; Sra. Xefa da Oficina de Reclamacións; Sra. Xefa da Oficina de Información Universitaria

## ANEXO

1. Relación de materias do Grao en Psicoloxía (Plan 2009; código G2011P01) que conteñen a formación sanitaria para acceso ao Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria (deben terse cursado 90 créditos)

Código	Materia	Carácter	Créditos
G2011103	Fundamentos biolóxicos da conduta	FB	6
G2011106	Neurociencia condutual	FB	6
G2011110	Psicoloxía da personalidade	FB	6
G2011224	Neurociencia cognitiva	OB	4.5
G2011232	Avaliación psicolóxica I	OB	4.5
G2011321	Avaliación psicolóxica II	OB	4.5
G2011323	Psicopatoloxía I	OB	4.5
G2011324	Tratamentos psicolóxicos I	OB	6
G2011328	Neuropsicoloxía	OB	4.5
G2011329	Psicopatoloxía II	OB	4.5
G2011330	Tratamentos psicolóxicos II	OB	6
G2011422	Psicoloxía da saúde	OB	4.5
G2011423	Practicum	OB	12
G2011424	Traballo de fin de grado	OB	6
G2011441	Introdución á farmacoloxía do comportamento	OP	4.5
G2011442	Psicoloxía preventiva	OP	4.5
G2011443	Rehabilitación psicosocial en trastornos mentais crónicos	OP	4.5
G2011444	Avaliación e tratamentos psicolóxicos na infancia e adolescencia	OP	4.5

2. Relación de materias da Licenciatura en Psicoloxía (plan 2001; código 081P01) que conteñen a formación sanitaria para acceso ao Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria (deben terse cursado 90 créditos)

Código	Materia	Carácter	Créditos
081104	Fundamentos de Psicobioloxía	TR	8.5
081106	Psicoloxía da personalidade	TR	8
081204	Psicoloxía fisiolóxica	TR	10
081301	Avaliación psicolóxica, I	TR	8
081312	Avaliación psicolóxica II	OB	4.5
081313	Neuropsicoloxía	OB	8
081405	Psicopatoloxía	TR	9
081406	Técnicas de modificación de conduta	TR	10
081411	Psicofisioloxía	OB	4.5
081341	Protección e Promoción da saúde	OP	7
081442	Farmacoloxía do Comportamento	OP	4.5
081441	Avaliación e Intervención en psicoloxía da velez	OP	4.5
081543	Técnicas de Psicoterapia	OP	5.5
081541	Avaliación e intervención en Psicoloxía da saúde	OP	7.5
081542	Avaliación e intervención infanto-xuvenil	OP	5.5
081546	Rehabilitación psicosocial	OP	4.5
081544	Avaliación e intervención en Psicoloxía legal	OP	4.5
081545	Psicopatoloxía Infanto-xuvenil	OP	5.5
081547	Técnicas Psicoanalíticas	OP	4.5
081548	Terapia familiar	OP	5.5
081549	Terapia grupal	OP	4.5
081522	Psicofisioloxía aplicada	OP	4.5

3. Relación de materias da Licenciatura en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela (Plan homologado Consejo de Universidades 28/09/1993; código 080P01) recoñecidas como créditos sanitarios para o acceso ao Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria:

Código	Materia	Tipo	Créd
107	Bioloxía do comportamento	OB	4
108	Fundamentos de Psicobioloxía	OB	5
202	Psicoloxía da personalidade	OB	8
203	Psicoloxía fisiolóxica	OB	11
301	Evaluación psicolóxica, I	OB	8
312	Evaluación psicolóxica, II	OB	4
313	Neuropsicoloxía	OB	8
404	Psicopatoloxía	OB	9
411	Psicofisioloxía	OB	4
412	Técnicas de modificación de conduta	OB	10
421	Farmacoloxía do comportamento	OP	4
422	Protección e promoción da saúde	OP	8
423	Rehabilitación psicosocial	OP	4
523	Avaliación e intervención en psicoloxía da velez	OP	4
524	Avaliación e intervención en psicoloxía legal	OP	4
525	Psicopatoloxía infanto-xuvenil	OP	6
527	Técnicas psicoanalíticas	OP	4
528	Terapia familiar	OP	6
529	Terapia grupal	OP	4
561	Psicofisioloxía aplicada	OP	4
521	Avaliación e intervención infanto-xuvenil	OP	6
522	Avaliación e intervención en Psicoloxía da saúde	OP	8
526	Técnicas de psicoterapia	OP	6
561	Psicofisioloxía aplicada	OP	4

4. Relación de materias da Licenciatura en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela (Plan aprobado MEC 1984, BOE 19/05/1984; código 531P01) recoñecidas como créditos sanitarios para o acceso ao Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria:

Código	Materia	Tipo	Créditos
422	Psicoloxía da personalidade	OB	11
432	Psicobioloxía	OB	11
401	Psicodiagnóstico	OB	11
402	Psicopatoloxía	OB	11
404	Técnicas terapéuticas do comportamento I	OB	11
532	Psicopatoloxía especial	OB	11
531	Técnicas terapéuticas do comportamento II	OB	11
412	Psicoloxía diferencial	OB	11
534	Saúde mental e prevención	OB	11
536	Deseño e evolución clínica	OB	11
535	Psicoterapia familiar e grupal	OP	11
536	Psicoloxía dinámica	OP	11

5. Relación de materias da Licenciatura en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela (Plan estudos 1979) recoñecidas como créditos sanitarios para o acceso ao Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria:

Código	Materia	Tipo	Créditos
	<b>PRIMEIRO CICLO</b>		11
102	Fundamentos biolóxicos da conduta	OB	11
204	Psicoloxía fisiolóxica I	OB	11
301	Psicoloxía fisiolóxica II	OB	11
	<b>CURSO DE ADAPTACIÓN</b>		11
812	Fundamentos de Psicobioloxía	OB	11
	<b>SEGUNDO CICLO</b>		11
401	Psicodiagnóstico	OB	11
402	Psicopatoloxía	OB	11
404	Técnicas terapéuticas do comportamento I	OB	11
431	Psicoloxía da personalidade	OB	11
432	Psicobioloxía	OB	11
531	Técnicas terapéuticas do comportamento II	OB	11
532	Psicopatoloxía especial	OB	11
533	Deseño e evolución clínica	OB	11
534	Saúde mental e prevención	OB	11
535	Psicoterapia familiar e grupal	OP	11
536	Psicoloxía dinámica	OP	11

6. Relación de materias da Licenciatura en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela (Plan estudos 1975) recoñecidas como créditos sanitarios para o acceso ao Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria:

Código	Materia	Tipo	Créd
102	Fundamentos biolóxicos da conducta	OB	11
204	Psicoloxía fisiolóxica I	OB	11
301	Psicoloxía fisiolóxica II	OB	11
432	Psicobioloxía	OB	11
422	Psicoloxía da personalidade	OB	11
401	Psicodiagnóstico	OB	11
402	Psicopatoloxía	OB	11
404	Técnicas terapéuticas do comportamento I	OB	11
531	Técnicas terapéuticas do comportamento II	OB	11
532	Psicopatoloxía especial	OB	11
534	Saúde mental e prevención	OB	11
535	Psicoterapia familiar e grupal	OP	11
536	Psicoloxía dinámica	OP	11